



Información



XUNTA DE GALICIA



Subvencions para sufragar os gastos de funcionamento das entidades de ES

Publicáronse as bases para sufragar os gastos de organización interna e funcionamento de entidades representativas da economía social, a través dos seguintes programas de axudas:

Programa I. Fomento e consolidación das asociacións de cooperativas e de sociedades laborais.

Programa II. Fomento e consolidación das asociacións de centros especiais de emprego e empresas de inserción laboral.

O prazo para solicitar a axuda será dun mes a partir do día seguinte á publicación no DOG.

[Ver máis](#)

Subvencions para realizar actividades de promoción e impulso do cooperativismo e da economía social

Establécense as bases reguladoras que rexerán a concesión de subvencions a entidades colaboradoras da Rede Eusumo para realizar actividades de promoción e impulso do cooperativismo e a economía social.

O prazo para solicitar a axuda será dun mes a partir do día seguinte á publicación no DOG.

[Ver máis](#)

Convocatoria Premios á cooperación 2019

O obxectivo deste programa é fomentar e difundir o cooperativismo, os seus principios e valores, así como recompensar publicamente o labor que as cooperativas veñen realizando a prol do desenvolvemento do movemento cooperativo na Comunidade autónoma galega.

Prazo presentación: ata o **30 abril 2019**

[Ver máis](#)

Entrevista a Rosa Salgado Gómez, socia da cooperativa Miraxe

“A economía social permitiunos descubrir un mundo que non coñecíamos e que nos cambiou moito a perspectiva. Agora primamos nós, as persoas socias somos o máis importante”

Miraxe é unha cooperativa de Santiago de Compostela creada no ano 2017, que se dedica ás artes escénicas achegando especialización técnica en son, iluminación e produción ao mercado.

[Ver máis](#)

Actividades



Xornada "Coñece a cooperativa Viña Costeira"

A xornada ten por obxectivo introducir aos asistentes no mundo da Cooperativa a través dun caso concreto, a Cooperativa Viña Costeira. Coñecer a súa historia, os produtos que elabora, as súas novidades, a orientación ao Enoturismo e o seu futuro.

Data: **18/02/2019**

Horario: **09:00 h**

Lugar: **Concello de Calvos de Randín** (oficina de fomento cooperativo)

Inscripcións: Na oficina de fomento do Concello, no 988434000 ou cris.se@live.com

[Ver máis](#)

Xornada "O Cooperativismo en Galicia"

A xornada ten por obxectivo que os participantes adquiren os coñecementos necesarios en materia de Cooperativismo en Galicia, así como a súa situación, as tipoloxías de cooperativas e as diferentes entidades xestoras en Galicia.

Data: **19/02/2019**

Horario: **09:00 h.**

Lugar: **Concello de Calvos de Randín** (oficina de fomento cooperativo)

Inscripcións: Na oficina de fomento do Concello, no 988434000 ou cris.se@live.com

[Ver máis](#)



Economía Social Meeting

O obxecto da xornada é levar a cabo un networking no que se presenten as entidades participantes, compartan experiencias, metodoloxías e solucións para a posta en marcha de estratexias de cooperación. Ademais informarse dos contidos específicos das liñas de axuda do programa APROL 2019.

Data: **20/02/2019**

Horario: **10:00-12:00 h.**

Lugar: **Centro Coordinador de Información e Documentación Xuvenil**

Inscripcións no 881887456 ou tino@espazo.coop

[Ver máis](#)

Rede Eusumo

Contacte en: comunicacion@eusumo.gal ou 610 17 43 89

Máis información en:



www.eusumo.gal